

PRESENTACIÓN

A Vila de Noia é un enclave singular da Comunidade Autónoma de Galicia, situada no vértice da Ría de Muros e Noia (Ría da Estrela) e moi preto de Santiago de Compostela (Portus Apostoli). A súa localización, así como a riqueza das súas terras e a xenerosidade das súas augas, explica a súa singularidade histórica que tivo dende a súa Carta Fundacional no século XII, así como o gran patrimonio histórico-artístico reflectido nas rúas lousadas, nos pazos brasoados e nas características construtivas das súas igrexas. Un pasado, certamente, glorioso.

Pero máis importante que todo isto, con ser importante, e moito, é a súa xente. Noia é, antes que nada, terra de creadores. Creadores industriais, creadores culturais e artísticos, creadores nos diferentes eidos da actividade humana. É neste contexto no que deberá entenderse o propósito de facer de Noia a Capital do Emprendemento e do Saber do verán.

Durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro Noia acolle unha gran variedade de cursos e xornadas, que van dende o tratamento de tópicos de sempre, pero que seguen preocupando á sociedade, como outros máis novidosos que van marcar a nosa vida durante os vindeiros anos. Unha excelente oportunidade para poder combinar un tempo de lecer nun dos currunchos máis fermosos da Comunidade, co desexo de saber e de seguir mellorando no ámbito en que cada un desenvolva a súa actividade.

Dada a importancia que este reto ten para a Sociedade desta bisbarra como para toda Galicia, as entidades Organizadoras e Patrocinadoras ofrecen un número de bolsas que van facilitar a participación a todas aquelas persoas que teñan verdadeiro interese en non deixar pasar esta excelente oportunidade.

ORGANIZA



Concello de Noia



FUNDEHSGA
FUNDACIÓN
PARA O
DESENVOLVIMENTO
HUMANO E SOCIAL
DE GALICIA

PATROCINA



XUNTA
DE GALICIA

COPATROCINA



Concello de Noia



FUNDEHSGA
FUNDACIÓN
PARA O
DESENVOLVIMENTO
HUMANO E SOCIAL
DE GALICIA

COLABORA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade de Vigo



INFORMACIÓN e INSCRICIÓNS:

www.fundehsga.com

CONTACTO

FUNDEHSGA

981 576 666 · info@fundehsga.com

CASA DA CULTURA DO CONCELLO DE NOIA

981 824 169

CAMPUS DO EMPRENDEMENTO E DO SABER DE NOIA

CURSOS DE VERÁN 2022

XUÑO · XULLO · AGOSTO · SETEMBRO

**PRAZAS LIMITADAS
E BECADAS**

NOIA, PORTUS APOSTOLI

A capital do emprendemento e do saber do verán

A 20 minutos de Santiago de Compostela

1. DEPORTE E SAÚDE MENTAL

DIRECCIÓN: Joaquín Dosil

Prof. UVigo, Especialista en Psicología do Deporte

XUÑO: 28-29-30. Duración: 24 h.

OBXECTIVOS

- Coñecer a saúde mental no deporte de iniciación e de rendimento.
- Crear hábitos de saúde mental a través do deporte.
- Presentar programas de saúde mental no deporte.
- Coñecer casos de saúde mental no deporte.
- Coñecer o papel do adestrador na saúde mental dos seus deportistas.

2. NEUROCIENCIA, EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO

DIRECCIÓN:

Emilio García

Prof. Universidad Complutense de Madrid

Cecilia Otero

Neuropsicóloga. Directora Centro Neuredia

XULLO: 7-8-9. Duración. 24 h.

OBXECTIVOS

- Coñecer as aportacións e implicación da Neurociencia na Educación.
- Coñecer as funcións básicas do cerebro, así como os programas máis eficaces para a estimulación e a rehabilitación da atención, da aprendizaxe e da memoria.
- Afondar no coñecemento da filoxénese e ontoxénese da linguaxe, e das emocións.
- Analizar os sistemas neurais e os niveis de conciencia, así como as funcións executivas e metacognitivas, e os Programas para o desenvolvemento da mente moral.

3. SAÚDE DIXITAL E

CIBERSEGURIDADE

DIRECCIÓN: Guillermo Cánovas

Director Protégeles – Madrid)

XULLO: 14-15-16. Duración: 15 h.

OBXECTIVO

Conseguir que os participantes alcancen un coñecemento ben fundamentado do mundo dixital, así como dos condicionantes que inciden no desenvolvemento persoal, familiar e escolar.

4. 40 ANOS DE AUTONOMÍA

DIRECCIÓN: Roberto Blanco Valdés

Catedrático de Dereito Constitucional-USC

XULLO: 22-23. Duración: 15 h.

OBXECTIVOS

- Afondar no proceso de construción da Autonomía e nos marcos legais que a sustentan, así como na organización territorial do Estado.
- Análise e avaliación dos corenta anos de Autonomía da Comunidade de Galicia.
- Propostas dende as distintas sensibilidades políticas para un maior crecemento e benestar da sociedade galega.

5. NOIA, A HORTA DA RÍA

DIRECCIÓN: Adelo Freire

Secretario da Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia

AGOSTO: 11-12-13. Duración: 15 h.

OBXECTIVO

Poñer en valor a produción e a comercialización dos moluscos bivalvos da Ría, e dar a coñecer as actuacións realizadas, e as que poden levarse a cabo, para que un produto de tanta calidade teña o recoñecemento que merece.

6. ENVELLECIMENTO ACTIVO

DIRECCIÓN: Fernando Lino Vázquez

Catedrático USC

AGOSTO: 18-19-20. Duración: 24 h.

OBXECTIVOS

- Aproximarnos ao concepto de envellecemento activo, así como aos retos e oportunidades que nos brinda o envellecemento da poboación.
- Revisar o proceso de envellecemento en distintas áreas do funcionamento humano, e as estratexias de promoción do envellecemento activo nesas esferas.
- Coñecer diferentes programas de promoción do envellecemento activo.

7. CRIMINALÍSTICA FORENSE. COMO ACTÚAN OS CSI?

DIRECCIÓN: Luis Alamancos Pampín

Director do Gabinete Pericial INPEVAL

AGOSTO: 29-30-31. Duración: 24 h.

OBXECTIVO

Análise das diferentes manifestacións delitivas e de conducta criminal, así como a metodoloxía, as técnicas e os procedementos a seguir para dar cumprida resposta a este tipo de comportamentos.

8. O LEGADO XACOBEO NA RÍA DA ESTRELA: O PORTUS APOSTOLI E O CAMIÑO DE SANTIAGO

DIRECCIÓN: Concha Allut

Técnica de Cultura do Concello de Noia –OCN-

SETEMBRO: 1-2. Duración: 15 h.

OBXECTIVO

Coñecer o sentido e significado do Portus Apostoli e o Camiño de Santiago, así como o legado xacobeo da ruta da Ría da Estrela.